

I XORNADA COPA DEPUTACIÓN DE LUGO

27 de FEBREIRO de 2021

A Delegación da FGA en Lugo coa colaboración dos clubs da cidade e co patrocinio da Deputación de Lugo, organiza a 1ª XORNADA da COPA DEPUTACIÓN DE LUGO, o **SÁBADO 27 de febreiro de 2021, en xornada de mañá**, e tarde no módulo cuberto e na pista ao aire libre do **Estadio Gregorio Pérez Rivera**.

REGULAMENTO

Art. 1. Poderán participar os atletas federados que se atopen en calquera das seguintes condicións:

- Atletas que teñan fichado ó longo da tempada actual (2021) por algún Club pertencentes a Galicia.
- Atletas con ficha pola Federación Galega de Atletismo aínda que pertenczan a clubs de outras Comunidades Autónomas.
- Atletas das categorías **sub 16 ata máster**.

Art. 2. As inscricións faranse a través do sistema online da web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) ata as **22:00 horas do martes anterior** á celebración das probas. **Existirá unha cota de inscrición de 2€** para todos os atletas que non pertenczan a clubs da provincia de Lugo, non estean empadroados en Lugo ou non estuden en Lugo. **Non se admitirán inscricións fora de prazo.**

Art. 3. HORARIO PROVISIONAL

HOMES	HORA	MULLERES
PROBAS AO AIRE LIBRE		
LANZAMENTO XAVELINA (sub 16-Máster) – Serie B	10:30	1000ml (sub 16)
1000ml (sub 16)	11:00	
800 ml (sub 18-Máster)	11:30	LANZAMENTO XAVELINA (sub 16-Máster) – Serie B
	12:00	800 ml (sub 18-Máster)
3000ml (sub 16-Máster)	12:30	
LANZAMENTO XAVELINA (sub 16-Máster) – Serie A		3000ml (sub 16-Máster)
	13:15	
	13:30	LANZAMENTO XAVELINA (sub 16-Máster) – Serie A
300 ml (sub 16)	13:45	
	14:06	300 ml (sub 16)
PROBAS NO MÓDULO CUBERTO		
SALTO LONXITUDE (sub 16 – Máster) – Serie B	17:00	SALTO ALTURA (sub 16 – Máster) – Serie B
		Semifinais - 60ml (sub 16-Máster)
SALTO ALTURA - (sub 16 – Máster) – Serie B	17:50	SALTO LONXITUDE (sub 16 – Máster) – Serie B
Semifinais - 60ml (sub 16-Máster)		
SALTO LONXITUDE (sub 16 – Máster) – Serie A	18:00	
SALTO ALTURA (sub 16 – Máster) – Serie A	18:40	
Finais A-B - 60ml	19:00	Finais A-B - 60ml
	19:15	
		SALTO LONXITUDE (sub 16 – Máster) – Serie A
	19:30	60 mv (0.76) - (sub 16- sub 18)
	19:51	60 mv (0.84) – (sub 20-abs)
SALTO ALTURA - (sub 16 – Máster) – Serie A	20:00	
60 mv (0.91) – (sub 16)	20:05	
SALTO LONXITUDE (sub 16 – Máster) – MIXTO		SALTO LONXITUDE (sub 16 – Máster) – MIXTO
60 mv (0.91) – (sub 18)	20:20	
60 mv (0.99) – (sub 20)	20:35	
60 mv (1.06)	20:42	

Art. 4. Participación: Terán prioridade na inscrición os atletas lucenses sobre os foráneos. Nas probas do módulo terán prioridade os atletas sub-16 sobre as demais categorías. Só se permite a participación en 2 probas por atleta.

Art. 5. Nº máximo de series e tentativas:

- 60 ml: 8 series
- 60 mv: 2 series por categoría.
- 300m: 3 series
- 1000m: 4 series
- 800m: 4 series
- 3000m: 3 series masculinas e 2 femininas.
- Nas series B dos concursos os atletas disporán de 4 tentativas.
- Nas series A os 3 mellores disporán de 2 tentativas de mellora.
- Nas series mixtas participarán as 3 mellores marcas inscritas de cada sexo e disporán de 6 tentativas.

*Os diferentes grupos dos concursos configuraranse segundo as marcas de inscrición, e buscando a maior axilidade do programa. As cadencias estableceranse segundo as marcas dos inscritos e publicaranse xunto ao horario definitivo a ao horario de cámara de chamadas.

Art. 6. Nas probas de velocidade indícarase a mellor marca. As series realizaranse agrupando os atletas por marcas, aqueles atletas que non indiquen mellor marca serán incluídos aleatoriamente no resto das series.

Art. 7. Cada atleta entregará a Declaración Responsable no punto de control de acceso e retirará o seu dorsal na cámara de chamadas.

Art. 8. A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:
- Se o/a atleta, previamente inscrito/a non participa finalmente no Control a sanción será de 5€. No caso de lesión ou enfermidade deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á F.G.A. (6€ por atleta con datos falsos)

Art. 9. Os atletas deberán empregar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible no peito. O incumprimento desta norma será motivo de descualificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a colocación do dorsal.

Art. 10. Aqueles atletas que participen ou estean inscritos nos Controis da FGA do día 27/02/2021 de Ourense ou Pontevedra, non poderán participar nesta 1ª Xornada da Copa Deputación de Lugo.

Art. 10. O acceso á instalación será **restrinxido e controlado**. Os adestradores que desexen acceder deberán estar en posesión da correspondente licenzia federativa para esta tempada e deberán enviar un email a delegacionfgalugo@gmail.com ata o mércores ás 22h. No caso que algún club non envíe ningún adestrador valorarase a posibilidade de permitir o acceso dun delegado por club.

Art. 11. Todos/as os/as participantes deberán cumprir o protocolo COVID-19 establecido pola FGA, así coma as indicacións do Responsable COVID-19 da FGA.

Art. 12. Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e W.A.

En Lugo, a 20 de febreiro de 2021

Asdo no orixinal

José Manuel Peña Rodríguez
Director Técnico da Delegación da FGA en Lugo

PATROCINA:



ORGANIZA:



COLABORA:

